



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O
DÍA 27 DE OUTUBRO DO 2016.**

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. JOSE IGNACIO GOMEZ PEREZ
(PSOE)

Concelleiros/as :

D. RICARDO GONZALEZ AMARO
(PSOE)
D^a. MARIA LOPEZ TOUZA (PSOE)
D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN
(PSOE)
D^a. NOELIA RODRIGUEZ
TRAVIESO (PSOE)
D. CESAR MANUEL FERNANDEZ
GIL (PP)
D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ
(PP)
D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)
D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)
D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ
(PP)
D. XACOBE GARCIA SOTO (B.N.G.)
D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ
(AGRUPACION DE ELECTORES
RIBEIRO EN COMUN)
D. MANUEL VAZQUEZ LOPEZ
(CxG-CCTT)

Secretario Xeral:

Vicente Soto Rodriguez

Interventor:

Vicente Soto Rodríguez

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 20:00 horas do día vinte e sete de outubro de 2016 réunese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Vicente Soto Rodríguez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Intervén o Sr. Alcalde para facer constar en acta o pésame polo falecemento dias pasados do ex-concelleiro e traballador municipal, Don Constantino Areda Vidal, que se lle faga chegar a familia e amigos, manifestando de seguido a conformidade todos os membros da Corporación presentes.

De seguido comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 29 DE OUTUBRO PASADO (ORDINARIA).

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección a acta do 29 de outubro de 2016 (ordinaria) , ao que se lle respostan negativamente a excepción do concelleiro Don Brais Fidalgo Martínez que sinala que se vai a abster xa que cree que non se reflexou con exactitude o que ali pasou; de seguido sométese a votación a aprobación ou non da referida acta, obtendose o seguinte resultado: votos a prol, doce (P.S.O.E., P.P., B.N.G. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); abstencións unha (Agrupación de Electores Ribeiro en Común).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a devandita acta.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85 , do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 16 de setembro; unha, sobre aboamentos.

Do 19 de setembro; unha, sobre aboamentos..

Do 21 de setembro; unha, sobre aboamentos.

Do 22 de setembro; unha, sobre aboamentos.

Do 23 de setembro; unha, sobre aboamentos.

Do 26 de setembro; unha, sobre aboamentos.

Do 27 de setembro; unha, sobre aboamentos.

Do 28 de setembro; dúas; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Do 29 de setembro; dúas; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 30 de setembro; catro; unha, sobre arquivo expediente; tres, sobre aboamentos.

Do 03 de outubro; unha, sobre aboamentos.

Do 04 de outubro; cinco; tres, sobre arquivo expedientes; unha, sobre delegación competencias; unha, sobre aboamentos.

Do 05 de outubro; tres; unha, sobre legalización obras; unha, sobre concertación operación de factoring; unha, sobre aboamentos.

Do 06 de outubro; catro; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre concesión vacacións; dúas, sobre aboamentos.

Do 07 de outubro; tres; unha, sobre concesión servizo xantar na casa; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 10 de outubro; cinco; unha, sobre altas no Padrón Municipal Habitantes; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre incripción no Rexistro Parellas Feito; dúas, sobre aboamentos.

Do 11 de outubro; dúas, unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 13 de outubro; unha, sobre eficacia comunicación previa de actividade.

Do 14 de outubro; seis; dúas, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre ocupación vía pública; tres, sobre aboamentos.

Do 15 de outubro; dúas; sobre aboamentos.

Do 17 de outubro; dúas, sobre aboamentos.

Do 18 de outubro; tres; unha, sobre eficacia comunicación previa actividade; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 19 de outubro; dúas; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 20 de outubro; dúas; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Do 21 de outubro; catro; unha sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre concesión vacacións; dúas, sobre aboamentos.

Do 24 de outubro; tres; unha sobre denegación eficacia comunicación previa obra; unha, sobre concesión eficacia comunicación previa obra.; unha, sobre aboamentos.

Do 25 de outubro; dúas; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 26 de outubro; dúas; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre concesión servizo xantar na casa.

3.- APROBACION DAS MODIFICACION DO DOCUMENTO DE APROBACION PROVISIONAL DO PLANO XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DE RIBADAVIA DERIVADO DO REQUERIMENTO DA DATA 6 DE MAIO DE 2016 DA SECRETARIA XERAL DE ORDENACION DO TERRITORIO E URBANISMO.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 20 de outubro de 2016, co seguinte tenor literal:" De seguido a Sr. Presidente da Comisión da conta dunha proposta relativa ao Plano Xeral de Ordenación municipal que de seguido transcríbese: "**PROPOSTA DA ALCALDIA.-**

En resposta ao requirimento de data de 6 de Maio de 2016 da Secretaría xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo elaborouse a documentación que se describe a continuación correspondente a aquela que dentro de tal requirimento (sinálanse en *cursiva*) corresponde a empresa Consultora Galega s.l.u. sendo o resto do mesmo (apartado *1. En relación co expediente administrativo*) tarefa administrativa do expediente do concello referido ao PXOM en redacción.

2. En canto ó documentación do proxecto do PXOM de Ribadavia:

- *A copia do plan aprobado provisionalmente polo Concello aportada en soporte electrónico, deberá conter os traballos gráficos en soporte vectorial xeorreterenciados (dwg, dxf ou dgn) ou SHAPE.*

Procedese a entregar unha copia do plan aprobado provisionalmente polo Concello en soporte electrónico, (conten os traballos gráficos en soporte vectorial xeorreterenciados -SHAPE-).

- *Non achega os planos de información das infraestruturas de telecomunicacións (artigo 39.1 RD 2159/1978).*

Axúntase uns novos apartados na Memoria Xustificativa: 7.15. *Cumprimento do disposto no plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da administración xeral e do sector público de Galicia xestionadas por Retegal* e 7.16. *Cumprimento do disposto na lei 3/2013 de 20 de maio de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicación en Galicia*, así como un novo plano de información (*SERIE I-12 "Rede de Telecomunicacións"*) no que se grafan as redes de



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

telecomunicacións existentes no concello de Ribadavia máis en concreto no que se refire a rede terrestre de R e de Telefónica xunto coas instalacións das antenas de telefonía móbil e radioemisión.

3. En canto á adecuación ós determinacións da memoria ambiental:

O día 27/04/2016 solicitouse informe da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental ca obxecto de comprobar a adecuación do PXOM ós determinacións da memoria ambiental emitida en data 16/11/2015.

En relación ao INFORME DA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL SOBRE A ADECUACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA ÁS DETERMINACIÓNS DA MEMORIA AMBIENTAL con data de 13 de Maio de 2016 sobre os puntos requiridos na Memoria Ambiental do PXOM de Ribadavia, enténdese por cumpridos practicamente na súa totalidade salvo os que no propio informe sinalan como pendentes de que “a Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo deberá valorar dita xustificación en base á normativa de referencia” e os casos en que o informe indica que se deben facer mais cambios, como nos casos seguintes:

No referido na determinación 2 deberase actualizar a documentación presentada incorporando os novos mapas de perigo e risco de inundación elaborados pola Confederación Hidrográfica de Miño-Sil que tan referencia ao risco de inundación no concello, por tanto se modificaron os planos respectivos (plano do ISA 2.2.3 "zonas inundables" e plano de información I-06 "concas hidrográficas").

Sinalase que as fichas de xestión dos sectores UDI-PE, UNDR-2, UNDI-1, UNDI-2, UNDI-6, R-1, R-2, R-3, R-4 e R-5 deben recoller de forma explícita que as actuacións propostas en ditos sectores *deberán contar con autorización expresa da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil*, e precedese a incorporar esta determinación nas fichas.

No referido na determinación 3 (“Respecto ao ruído”) e que motiva a revisión dos planos de acústica do ISA coas seguintes consideracións / modificacións:

Procédese a suprimir o nivel sonoro “H” de acordo coa lexislación vixente (Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia e a táboa A do Real Decreto 1038/2012).

Sinalase que para poder avaliar o cumprimento dos obxectivos de calidade acústica exterior dos novos desenvolvementos, é preciso considerar as isofonas e mapas de ruído das estradas en función dos índices L_d , L_e e L_n , nos mapas da zonificación acústica. Unha vez feita a anterior comprobación (que é imposible de representar en planos pola complexidade da información a cruzar) procedese a identificar as novas áreas de desenvolvemento propostas nas que os valores de inmisión das infraestruturas superen os obxectivos de calidade acústica (UNDI-3 e P-6), e se condiciona nestes casos a realización dun estudo concreto neses ámbitos para tomar as determinacións e as accións necesarias (no momento do seu desenvolvemento e urbanización) para paliar esas afeccións, incluíndo nas fichas o seguinte texto: *Analizados os niveis sonoros L_d , L_e , L_n e L_{den} dos estudos feitos a tal efecto das infraestruturas N-120 e A-52 este ámbito se ve afectado por algún ou varios destes niveis de inmisión de ruído polo tanto*



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

deberáse facer un estudio concreto para paliar eses efectos e tomar as medidas oportunas para a súa redución.

Identifícase graficamente nos planos as zonas ou bordes daqueles ámbitos proxectados nos que os obxectivos de calidade acústica, difiren en máis de 5 db a respecto dos do seu contorno.

Se indica que para os urbanizables e non consolidados os obxectivos de acústica deben de reducirse en 5 db. Xa se citaba este condicionante no punto 4 do artigo 5.2.5. **CONTAMINACIÓN ACÚSTICA E VIBRATORIA.** da Normativa, pero só para os urbanizables, por tanto súmase agora tamén este condicionante para os solos urbanos non consolidados nese mesmo artigo.

Ademais debido aos novos informes remitidos foron necesarios cambios na documentación:

Informe de 30 de Xuño do 2016 da Consellería de Facenda.

En relación con este informe á Aprobación Provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal, revísase a delimitación do equipamento E10-06 correspondente co IES ABRENTE, e para elo incorpórase a folia 14Ñ a serie de planos de ordenación a escala 1:1.000 para recoller en dita serie a totalidade da delimitación do equipamento ao que se refire o informe.

En relación co outro equipamento que se sinala no informe (o actual Centro de Saúde), o seu traslado está suficientemente motivado como estratexia do plan dende as fases máis iniciais e ademais existen compromisos e proxectos aprobados polos departamentos concretos da administración autonómica afectados por estas decisións, que avalan a execución deste equipamento, polo que non é posible a consideración que fai este informe aos efectos de pretender anular o traslado do citado equipamento. Aos efectos de xustificación destes compromisos e proxectos axúntanse documentos remitidos polo Concello con ese fin.

Informe da Secretaría do Estado de Infraestruturas, Transporte e Vivenda (Ministerio de Fomento) de Xuño de 2016.

En relación con este informe procédese a aceptar o axuste da denominación do trazo da rede de ferrocarril Ourense – Tui como “*Sistema Ferroviario de Interese Xeral*”, e actualizaranse as lendas dos planos das series de información e de ordenación con esta denominación.

Informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, de Outubro de 2016.

En relación co este informe procedeuse a modificar a seguinte documentación:

TOMO III DE ORDENACIÓN. NORMATIVA.

A substituír: Páxinas: 7,8, 233 e 234.

A engadir: Páxinas 233 bis 1, 233 bis 2 e 233 bis 3.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

**TOMO V DE ORDENACIÓN (VOL.2) AVALIACIÓN AMBIENTAL
ESTRATÉXICA (ISA)**

A substituir: Páxinas: 3, 56, 90, 98 e 230

A engadir: Paxinas: 98 A e 230 A.

Planos Anexos do ISA:

A engadir: Nova Serie de planos (5 follas). 2.8.2.1, 2.8.2.2, 2.8.2.3-1, 2.8.2.3-2 e 2.8.2.3-3.

TOMO VI DE ORDENACIÓN INFORME DE PARTICIPACIÓN

A substituir: Páxinas: 1 e 19.

A engadir: Páxina 19 bis

Planos da SERIES DE ORDENACIÓN:

SERIE O-4: A substituir: 21-L

Como consecuencia de todo o sinalado anteriormente se teñen modificados os documentos que expresamente se sinalan neses apartados, e a maiores recollese todo o avance da tramitación e participación do PXOM e o sinalado no presente documento ao final do Informe de Participación.

En base a elo e como continuación do expediente, propónse ao o Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1º.- Prestar aprobación a documento técnico e as modificacións referenciadas relativas a aprobación provisional do Plano Xeral de Ordenación Municipal de Ribadavia motivadas polo requerimento da Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 6 de maio de 2016.

2º.- Dar traslado do presente acordo e da referida documentación a Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia".

De seguido por parte do Sr. Secretario procedese a explicación da proposta.

O Sr. Fidalgo Martínez, sinala que o seu grupo non vai a ser obstáculo algún para a súa aprobación. No mesmo senso pronuncianse os membros do B.N.G. e Compromiso por Galicia, indicando que votarán a prol como xa fixeron no momento da aprobación provisional.

De seguido sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.S.O.E., B.N.G. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o pleno os membros do P.P. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común. Por conseguinte por maioría absoluta fica ditaminada favorablemente."



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Intervén o Sr. Vázquez López, para sinalar que se tratan de cuestión puntuais de carácter técnico e que non alteran o fundamento do P.X.O.M., polo que o seu grupo vai a votar a prol.

O Sr. Fidalgo Martínez, sinala que este asunto non ten moito debate indicando que si ben o P.X.O.M. non é o que prantexaba o seu grupo, pensa que o mellor é que se aprrobe canto antes polo que non van a ser obstáculo para elo, anunciando o seu voto favorable.

Intervén o Sr. Garcia Soto, para na liña dos anteriores intervinentes sinalar que non se modifica substancialmente o P.X.O.M., e en coherencia co seu posicionamento na aprobación provisional van a votar a prol da proposta presentada.

O Sr. Fernández Gil, indica que isto podria haberse evitado si o equipo redactor anduvese máis dilixente coa documentación a remitir; as modificacións prantexadas son puntuais e de carácter eminentemente técnico, indicando que o seu grupo vaiase a abster.

O Sr. Iglesias Sendin, agradece o posicionamento dos grupos, di que ditas modificacións non afectan a cuestión sustanciais do plan, indicando que o importante e que o plan se poida aprobar canto antes.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); abstencións, cinco (P.P.).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a proposta transcrita.

4.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL COMPROMISO EN GALICIA-CONCELLOS TRANSPARENTES PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS PROPIEDAD DESTE CONCELLO NA RÚA DOS FORNOS.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 20 de outubro de 2016, co seguinte tenor literal:" De seguido a Sr. Presidente da Comisión da conta dunha proposta do grupo municipal de Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes, para a rehabilitación de vivendas propiedade deste Concello na rúa dos Fornos que de seguido transcríbese: "**MOCIÓN AO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA PARA A REHABILITACIÓN DAS VIVENDAS PROPIEDAD DESTE CONCELLO NA RÚA DOS FORNOS**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

PRIMEIRO.- Tendo en conta que o noso casco histórico goza cada día de máis consideración polo número de turistas que nos visitan ao longo do ano e, a maiores, tamén nós mesmos apreciamos cada día máis o legado que nos deixaron os nosos antergos, debemos seguir facendo melloras e perseverar no seu coidado e dinamización.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

ACORDOS

PRIMEIRO.- Instar o goberno municipal a que se faga un proxecto de rehabilitación das devanditas vivendas por parte das tecnicas municipais

SEGUNDO.- Tras a realización do proxecto, envialo ao I.G.V.S para procurar financiación para o proxecto, como vivendas sociais. Entendemos que por unha parte estaremos rehabilitando e por outra dándolle a posibilidade aos veciñ@s de viviren no casco histórico dignamente e con condicións económicas axeitadas dada a situación actual".

De seguido sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, cinco (Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes, P.S.O.E., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribero en Común); reservanse para o pleno os membros do P.P.. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Vázquez López, para sinalar que o obxectivo da proposta e dinamizar unha zona emblemática do casco histórico, xa que tratase de edificacións que se atopan en ruínas e que se poden por en valor e adicalos a vivendas o cál contribuiría a darlle valor a zona, indicando que se debe presentar o proxecto o IGVS co obxecto de conseguir financiación.

O Sr Fidalgo Martínez, sinala que está de acordo coa proposta; di que o casco histórico habera que desenvolve-lo no ámbito cultural e turístico e dada a pouca oferta de vivenda de promoción pública no Concello parcelle unha boa idea; sinala que haberá que facer un plan de rehabilitación de todas as vivendas que son propiedade do Concello e que se atopan en mal estado, facendo referencia a que se reformou por unha escola taller, a do forno comunal ou a do matadoiro o lado da ponte de San Francisco e tratar de buscar financiación a través do I.G.V.S.. Por último sinala que dende o Concello haberá que darlle facilidades a iniciativa privada para a posta en valor das iniciativas que poidan terse neste ámbito.

O Sr. Garcia Soto, dí que o longo deste mandato xa varias veces temos falado do casco histórico e da súa situación, sinala que as actuacións a levar a cabo deben estar englobadas nun plan de rehabilitación do casco histórico; recorda que no seu momento pola Xunta había un plan de rehabilitación dos cascos históricos que co goberno do P.P. foi paralizado.

Intervén o Sr. Fernández Gil, para sinalar que é evidente e necesaria a rehabilitación do referido inmovible o igual que hai que potenciar a iniciativa privada nas intervencións no casco histórico, se ben pensa que a finalidade que se lle pretende dar (vivendas) non é a axeitada, xa que como vemos nos informes do técnico de turismo a demanda vai encamiñada a establecementos hosteleiros, entendendo o seu grupo que esa debe ser a finalidade; dí que para vivendas hai outras posibles ubicacións sobre todo



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

agora que se vai a aprobar o P.X.O.M.. Finaliza dicindo que polo manifestado non van a votar a prol da proposta presentada.

O Sr. Iglesias Sendin, entende que a filosofía da proposta e darlle vida o casco histórico, indicando que a finalidade pode ser uso hoteleiro ou vivendas; en canto o inmovible do restaurante dí que se fixeron innumerables xestións se ben non fructificaron; dí que as inversións para rehabilitación nos cascos históricos se foron reducindo ata agora que son inexistentes, recalcando que a iniciativa privada é fundamental e que non teñen inconveniente en facer un proxecto de rehabilitación do Casco para despois presentalo a Administración superior e obter financiación.

Intervén o Sr. Vázquez López, para sinalar que estamos a falar dun inmovible adquirido fai 15 anos e que se atopa en estado de abandono; pensa que o importante e darlle uso e o de vivenda é bo dado a demanda que existe en Ribadavia, manifestando a súa conformidade coa proposta de facer un plan de rehabilitación dos inmobles co consenso de todos os grupos.

O Sr. Fidalgo Martínez, para manifestar estar de acordo en parte co voceiro do P.P., se ben recordalle que foi o goberno do P.P. na Xunta o que deixou sen financiación a veciños de Ribadavia cos problemas que elo lle acarrearon; reitera que a rehabilitación no solo é cuestión pública senon que debe intervir a iniciativa privada, pensa que o casco histórico debe estar vivo, non solo debe haber persoas senon negocios que revitalicen a zona, critica algunha das actuacións feitas no pasado como a rehabilitación de baixos e das fachadas da rúa Progreso que a o único que contribuíron foi a beneficiar os seus propietarios.

O Sr. Garcia Soto, sinala que neste tema o importante é rehabilitar o casco histórico e non solo os edificios, hai que darlle vida a zona.

O Sr. Fernández Gil, reitera os argumento da súa primeira intervención, dí que facer actuacións puntuais parcelle comenar a casa polo tellado, polo que entende que primeiro e facer un plan director e despois levalo a cabo. Finaliza dicindo que o que si se debe facer é actuacións para garantir a seguridade das persoas que circulan pola zona.

Intervén o Sr. Alcalde, sinalando que existe un plan de rehabilitación que é a Area de Rehabilitación integral (A.R.I.);dí que no seu momento habia axudas para reahabilitación e posta en valor de inmobles e espazos públicos, se ben foronse reducindo paulatinamente ata desaparecer; dí que dende o grupo de goberno vanse a implementar medidas para axudar a iniciativa privada como a bonificación do I.C.I.O., e recordalle ao voceiro do P.P. que para o museo do viño habia un plan director e leva 15 anos pechado a pesar de reiterados anuncios de apertura sobre todo cando hai periodos electorais, polo que dille que sendo importante os plans máis importante é a financiación.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); votos en contra, cinco (P.P.).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a proposta transcrita.

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL AGRUPACION DE ELECTORES RIBEIRO EN COMUN PARA A MELLORA DA OFERTA TERMAL NO NOSO MUNICIPIO A TRAVÉS DA MELLORA DA ZONA PÚBLICA DAS TERMAS DE PREXIGUEIRO , E A INCLUSIÓN DO TERMALISMO DENTRO DUN PLAN INTEGRAL DE TURISMO PARA O CONCELLO DE RIBADAVIA.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Cultura de data 20 de outubro de 2016, co seguinte tenor literal:" De seguido o Sr. Presidenta da Comisión, da conta dunha moción presentada polo voceiro do grupo municipal Agrupación de Electores Ribeiro en Común, que de seguido trancríbese:

MOCIÓN PARA A MELLORA DA OFERTA TERMAL NO NOSO MUNICIPIO A TRAVÉS DA MELLORA DA ZONA PÚBLICA DAS TERMAS DE PREXIGUEIRO, E A INCLUSIÓN DO TERMALISMO DENTRO DUN PLAN INTEGRAL DE TURISMO PARA O CONCELLO DE RIBADAVIA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O turismo é un sector económico que aínda está por explotar como tal no noso Concello, e iso a pesar de ser un dos nosos principais valores e recursos potenciais, que aínda está sen desenvolver como actividade económica propiamente dita.

Valores e recursos

Potencial e recursos vinícolas. Ribadavia como capital que é do Ribeiro vive de costas á comarca e ao mundo do viño. Segundo datos da oficina municipal de Turismo, moitos turistas e visitantes demandan actividades relacionadas co viño, e sen embargo Ribadavia vive alleo ao enoturismo e a viticultura, e as accións excepcionais que se dan dependen de iniciativas individuais sen apenas implicación algunha das administracións. . A excepción do proxecto comarcal, ruta do viño do Ribeiro, no cál o Concello de Ribadavia tivo un papel significativo.

Ribadavia posúe un dos Cascos históricos máis importantes de Galicia. O noso casco histórico é paradigmático da situación na que se atopa Ribadavia. Un dos mellores cascos históricos de Galicia, con niveis de visita e coñecemento altos, pero que non xera recursos nin dinamiza a súa activación como zona creadora de sinerxía e desenvolvemento para o conxunto da vila e do municipio. Un barrio envellecido e con preocupantes cifras de casas e locais abandonados, que lle dan un aspecto de barrio pouco vivo, excepto honrosas e maravillosas excepcións.

Vila Termal de Prexigueiro

É un dos principais potenciais e recursos turísticos. As termas de Prexigueiro teñen un altísimo nivel de visitantes, así no ano 2016 superáranse os 50.000 visitantes do ano anterior. A pesar disto, non existe relación nin apenas conexión coa vila de Ribadavia nin co seu conxunto histórico.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

As termas de Prexigueiro sen lugar a dúbida é un dos nosos actuais reclamos turísticos. Na actualidade este recurso está explotado a través dun contrato entre a “Fundación Vila Balnearia de Prexigueiro”, da que o noso Concello forma parte, e a empresa “Termas de Prexigueiro SL”.

En dito Contrato figuran varias cláusulas que comprometen a ámbalas dúas partes respecto a obrigas de desenvolvemento e mellora do complexo termal de Prexigueiro. Algunhas das máis salientables, como poden ser as edificacións para aloxamentos, levan anos paradas a causa da inexistencia de normas urbanísticas que possibiliten a súa construción.

Pero tamén existe unha cláusula de compromisos para a empresa concesionaria, entre as que destaca o “compromiso a realizar dúas pozas na realizar dúas pozas na zona exterior do balneario para uso público”, segundo se rexistra no contrato asinado fai case 10 anos, o 29 de novembro de 2006.

Así, esta cláusula coincide con outra das cuestións a mellorar no complexo termal, e tamén unha das eivas existentes, como é a referente á parte exterior na ribeira do río Cerves, onde existen pozas termais e un entorno en situación de abandono e deterioro: pozas naturais desaparecidas e outras en mal estado, ponte-poldra desaparecida, muíño derruído, camiño das ribeiras desaparecidos pola maleza, etc.

Para o noso grupo, un modelo a implementar no complexo termal de Prexigueiro sería o que existe nas termas de Outariz e a Chavasqueira en Ourense, onde se mesturan e compatibilizan unha parte pública e outra de xestión privada. Termas que demostraron non ser incompatibles, senón todo o contrario, unhas son reclamo das outras e viceversa, existindo diferentes perfiles de usuarios pero moi compatibles. Para maior vantaxe, a empresa concesionaria de Prexigueiro pertence ao mesmo grupo que explota Outariz e a Chavasqueira.

As Administracións deben crear sinerxías.

En resumo, na actualidade os tres principais motores turísticos non teñen conexión entre eles, restándolle toda a forza e potencia que poderían ter como vectores do desenvolvemento turístico para Ribadavia. Este é o obxecto principal desta Moción-Proposta, aumentar o potencial termal en Ribadavia e activalo en relación co enoturismo e o patrimonio artístico e cultural ribadaviense.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Que se faga cumprir as cláusulas do Contrato de explotación das Termas de Prexigueiro, entre as cales inclúese o compromiso da empresa de realizar dúas pozas na zona exterior do balneario para uso público.
2. Se reforme e arranxen as zonas da ribeira do Complexo Termal de Prexigueiro, para dotar a dito complexo dunha parte pública que sexa complementaria da actualmente existente.
3. Se fixe nas actuais termas de Prexigueiro un punto de información turístico relativo á publicidade e anuncio da vila de Ribadavia e dos recursos turísticos, patrimoniais e culturais do municipio de Ribadavia.
4. Que se elabore un Plan de turismo que inclúa unha análise DAFO do turismo en Ribadavia co obxectivo de trazar as principais liñas de intervención pública para o desenvolvemento do turismo en Ribadavia como sector económico”.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

De seguido sometese a votación a urxencia da moción presentada obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

Intervén o Sr. Garcia Soto, para facer constar a necesidade dun plan turístico co obxecto de que a xente o poida visualizar.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (Agrupación de Electores Ribeiro en Común, B.N.G. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o pleno os membros do P.S.O.E. e P.P.. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para sinalar que o título da moción é suficientemente explícito, sinalando que refírese basicamente as zonas públicas; de seguido da conta da exposición de motivos, indicando que falta conexión entre as terras, casco histórico e enoturismo, polo que haberá que buscar fórmulas para conectalo; recorda que o acordo coa empresa é do ano 2006 e haberá que cumprilo, rematando a súa intervención dando conta das propostas de acordo.

O Sr. Vázquez López, dí que lle parece unha moción positiva para os veciños polo que vai a apoiala.

O Sr. Garcia Soto, sinala que discrepa con algunhas cuestións expostas polo Sr. Fidalgo Martínez e en concreto sinala que si hai conexión entre o enoturismo, o termal e o turismo cultural e natural, indicando que o que falta é medidas ou actuacións para trasladalas ao resto da comarca, polo que considerará necesario un plan estratéxico para o turismo. Por último sinala que o Padroado de Prexigueiro leva sen reunirse dende o ano 2015 e de feito aínda non tomou posesión, polo que solicita a súa convocatoria.

O Sr. Fernández Gil, intervén para sinalar que comparte todos os argumentos expostos ata agora; dí que dende o seu grupo sempre solicitaron darlle valor as terras de Prexigueiro e de feito por parte de concelleiros do seu grupo fixéronse moitas preguntas e rogos co obxecto de mellorar o servizo; dí que pasado 5 de outubro solicitou a convocatoria do padroado e ata agora non se fixo, polo que denota unha falta de interese por parte do grupo de goberno neste tema; reitera a necesidade de facer un plan turístico, no que Prexigueiro e o Casco histórico pode ser o núcleo e despois traballar sobre eses dous eixes.

O Sr. Iglesias Sendin sinala que lle parece ben o que dí o voceiro do P.P. se ben isto debese corroborar con feitos e recordalle o tema da sinalización de Prexigueiro que está sen facer, dí que é moi bonito falar de potencialidades e despois a Xunta nin o publicita; recorda a gran labor do anterior Alcalde na zona, que grazas as súas xestións puxose en marcha o proxecto do que hoxe estamos a falar.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

O Sr. Fidalgo Martínez, agradece o apoio a moción e solicita que se leve a cabo o acordado así como tamén solicita que se convoque canto antes o Padroado de Prexigueiro.

Intervén o Sr. Fernandez Gil, para dicir que se a culpa sempre é doutra administración sobra a administración municipal, anuncia o seu voto a prol xa que é algo necesario e beneficioso para o Concello.

Intervén o Sr. Alcalde para mostrar a conformidade co espírito da moción, se ben entende que o foro de debate destes temas debe ser o padroado da Fundación, dí que a aprobación do P.X.O.M. vai a marcar o futuro do balneario e reitera que a sinalización do balneario lle compete a Axencia Galega de Turismo, independentemente que o Alcalde vaia ou non as reunións.

De seguido sométese a votación ordinaria a moción transcrita, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

6.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL AGRUPACION DE ELECTORES RIBEIRO EN COMUN DE APOIO A PROPOSICION DE LEI PARA A APLICACION DE MEDIDAS URXENTES EN MATERIA DE REXIME LOCAL PRESENTADA NO CONGRESO.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 20 de outubro de 2016, co seguinte tenor literal:" De seguido o Sr. Presidente da Comisión, da conta dunha moción presentada polo voceiro do grupo municipal Agrupación de Electores Ribeiro en Común, que de seguido trancríbese:"**MOCION DE APOIO A PROPOSICION DE LEI PARA A APLICACION DE MEDIDAS URXENTES EN MATERIA DE REXIME LOCAL PRESENTADA NO CONGRESO.-**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As Administracións locais foron as grandes prexudicadas polas políticas de austeridade levadas a cabo nos últimos anos polo Goberno central do Partido Popular. A modificación no ano 2011 do artigo 135 da Constitución española de 1978 (C.E.) elevou ao máximo espoñente normativo o concepto de “estabilidade orzamentaria”, que foi posteriormente desenvolvido a través da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, así como pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, máis coñecida como “Lei Montoro”.

Desde entón, as reformas impulsadas desde o Goberno Central supuxeron un retroceso considerable na autonomía local, consagrada na propia C.E.. Atopámonos diante dunha situación de emerxencia histórica do municipalismo, e por iso é urxente e imprescindible rematar coa asfixia competencial e financeira actual coa que a Lei 27/2013 somete aos concellos. Esta lei contou, desde a súa tramitación, co absoluto rexeitamento de case que todas as forzas parlamentarias. Mostra disto é o nulo consenso



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

que se xerou durante a súa elaboración e aprobación, así como os recursos de inconstitucionalidade interpostos diante do Tribunal Constitucional (T.C.) por parte de case que todo o arco parlamentario, así como de varios Parlamentos e Gobiernos autonómicos. Recursos que derivaron na anulación parcial de distintos e transcendentales preceptos da Lei 27/2013.

No caso dos Concellos, foron máis de 3.000 de todo o Estado, que representan a máis de 16 millóns de cidadás, os que expresaron o seu rexeitamento a esta normativa e saíron en defensa da autonomía local.

Os efectos prácticos da Lei 27/2013 son unha merma importante nos servizos públicos prestados polas entidades locais, un incremento das privatizacións co seu consecuente aumento nos custes para a administración e unha redución nas competencias municipais. Neste sentido, a lei introduciu cambios substanciais no funcionamento dos Concellos, nos demais entes locais e nas Comunidades Autónomas (CC.AA), amputando garantías democráticas, de representación e participación cidadá, recortando servizos sociais que se prestaban nos concellos e, en consecuencia, atentando contra o ámbito competencial das CC.AA e contra a autonomía local, como mesmo declarou o T.C. Mesmo é bo recordar, tal e como veñen afirmando moitos estudosos da Administración, que o proceso de privatizacións e baleirado das institucións de cara á prestación de servizos públicos por empresas privadas, vai ligada ao aumento de casos de corrupción política e institucional.

Por todo o anterior, o pasado día 4 deste mes rexistrouse no Congreso dos Deputados a “Proposición de Lei para a Aplicación de Medidas Urxentes en materia de Réxime Local” na cal participou o grupo de ENMAREA, e que contou co apoio de dúas de Concellos de todo o Estado, entre os que destacou o galego da Coruña. Con esta Proposición de Lei preténdese implementar medidas urxentes que permitan aos Concellos, ata que haxa unha nova Lei de Bases de Réxime Local, prestar os servizos esenciais necesarios para o funcionamento de todos os Concellos. Enténdese que o ámbito local constitúe un espazo fundamental para a defensa e a loita polos dereitos sociais como o dereito á sanidade, á educación, ou á vivenda e que, polo tanto, é necesario sentar as bases do novo municipalismo do século XX, que teña como clave a elaboración dunha nova Lei de Bases de Réxime Local, para clarificar e aumentar as competencias dos entes locais, garantir un novo sistema financeiro local que asegure dereitos e prestacións de servizos esenciais, e garantir a transparencia e a participación directa e vinculante da cidadanía.

Un novo municipalismo que se insira nunha necesaria nova estruturación do marco xurídico -político do Estado español, e do derivado réxime competencial das CC.AA. e Administracións Locais. Un novo marco que prevea tamén a futura substitución das actuais Deputacións Provinciais por entes supramunicipais do século XXI, que no caso de Galicia deberan estar baseados nas Comarcas históricas, no noso caso na do Ribeiro, recoñecidas no propio Estatuto de Autonomía de Galicia, e promovidas pola Lei 7/96 do 10 de xullo, e definidas polo decreto 65/97 do 20 de febreiro. É necesario priorizar o criterio da Administración máis próxima á cidadanía, como garantía de universalidade, mellor cobertura territorial, calidade e control democrático na prestación dos servizos públicos, avanzar na formulación dun novo sistema de financiamento local que inclúa a redistribución dos fondos actualmente asignados ás



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Deputacións Provinciais, así como unha Lei de Facendas Locais de Galicia, que amplíe a participación dos Concellos nos ingresos do conxunto do País a través da nosa Comunidade Autónoma, e que redefina os actuais mecanismos de reequilibrio territorial galego.

En definitiva, trátase de construír concellos con dereitos, e recuperar os dereitos das persoas que os habitan.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1. Apoiar a tramitación nas Cortes Xerais do Estado da “Proposición de Lei para a Aplicación de Medidas Urxentes en Materia de Réxime Local” e, por conseguinte, apoiar a derogación parcial e modificación da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.

2. Instar ao Goberno Central e a todos os Grupos Parlamentarios das Cortes Xerais do Estado a que faciliten e apoiem un proceso participativo e de diálogo institucional no que estean representados tamén as CC.AA, as Entidades Locais, as Asociacións de Concello, e a sociedade civil, onde se elaboren as bases dunha nova estruturación e réxime xurídico das Administracións Locais sobre unha nova base competencial, garantindo un financiamento axeitado e suficiente, así como a garantía á transparencia institucional e a participación real da cidadanía.

3. Instar ao novo Goberno da Xunta de Galicia e aos Grupos parlamentarios do Parlamento Galego a que se formule e tramite unha Lei de Facendas Locais de Galicia que garanta a autonomía e suficiencia financeira dos Concellos galegos, que amplíe a participación dos Concellos nos ingresos de Galicia como CC.AA, e que redefina os actuais mecanismos de equilibrio territorial de Galicia.

4. Instar ao novo Goberno da Xunta de Galicia e aos Grupos parlamentarios do Parlamento Galego a que se formule e tramite a modificación da Lei 5/2014, do 27 de maio, de Medidas Urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, así como da Lei de Administración Local de Galicia, e da Lei de Delimitación e Coordinación das Deputacións.

5. Dar traslado deste Acordo ao Goberno do Estado, á Xunta de Galicia, a todos os Grupos parlamentarios das Cortes do Estado e do Parlamento Galego, así como á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)".

De seguido sometese a votación a urxencia da moción presentada obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, dous (Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o pleno os



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

membros do P.S.O.E., P.P. e B.N.G.. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez para explicar que o obxectivo da moción é a defensa da autonomía local, cuestión esta que foi violada polas leis e modificación de leis aprobadas polo goberno Rajoy; di que ditas leis conlevaron máis servizos e menos financiación para novas competencias o que conlevoou en moitos casos a externalización de servizos. De seguido da conta da exposición de motivos e das propostas de acordo da moción presentada.

O Sr. Vázquez López, manifesta a súa conformidade coa moción, dí que os concellos deben ter máis financiación, xa que é a administración máis preto do cidadán, polo que vai a votar a prol da moción presentada.

O Sr. García Soto, polos mesmos argumentos expostos anteriormente sinala que vai a apoiar a moción.

Intervén o Sr. Fernández Gil para sinalar que non está de acordo coa moción presentada por varias cuestións; dí que a referida lei de sustentabilidade e racionalización aparece nunha época de crisis e co obxectivo de delimitar as competencias, definindo e diferenciando dunha maneira clara as propias das impropias, co obxecto de evitar duplicidades, así unha competencia coa súa correspondente financiación; pensa que estas leis non supoñen un atentado a autonomía local e que os concellos poden asumir as competencias que queiran sempre que teñan financiación. Finaliza que ditas reformas deben ir acompañadas dunha reforma na Lei de Facendas locais e na propia lei galega.

O Sr. Iglesias Sendin, manifesta que delimitar as competencias é bo, se ben para exercer as competencias necesítase financiación; o problema é quen asumen as competencias impropias que están a asumir os Concello como por exemplo o conservatorio de música; finaliza dicindo que está de acordo coa moción en canto a falta de financiación.

O Sr. Fidalgo Martínez, dí que está de acordo en delimitar competencias, se ben esa non foi a intención do Estado que neste tema seguiu as directrices da Unión Europea; en canto o pago a provedores resalta que as grandes beneficiadas foron as grandes empresas.

O Sr. Fernández Gil, di que as reformas posibles se fixeron porque non nos atopabamos no mellora dos mundos posibles; resalta que o Concello non fixo privatizacións motivadas por esta lei e reitera a necesidade dunha nova lei de facendas locais.

O Sr. Alcalde intervén para sinalar que está de acordo coa moción e pregunta que servizos aparte do abastecemento está privatizado, indicando que se se tivo que



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

facer por non poder contratar persoal o servizo de monitores do polideportivo, finaliza dicindo que o problema non son as competencias senon o financiamento.

De seguido sométese a votación ordinaria a moción transcrita, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); votos en contra, cinco (P.P.).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a moción transcrita.

7.- EXPEDIENTE MODIFICACION DE CREDITOS Nº 4/2016.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 20 de outubro de 2016, co seguinte tenor literal:" De seguido o Sr. Presidente da Comisión, fai a presentación da seguinte moción de urxencia:

"Da conta dun expediente de modificación de créditos; dí que Concello acaba de recibir unha subvención para o programa Fomento de Emprego no Medio Rural (APROL RURAL), polo que faise necesario unha aportación de 6.000 euros. Por iso, propónse o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Aprobación de expediente de concesión de crédito extraordinario e suplemento de crédito nº 4/2016, por importe de 6.000 euros ".

De seguido sometese a votación a urxencia da moción presentada obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o pleno os membros do P.P., B.N.G. e Agrupacion de Electores Ribeiro en Común. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

O Sr. Vázquez López, apoia a proposta, xa que con esto se vai a contribuir a crear catro postos de traballo que son necesarios para o Concello.

O Sr. Fidalgo Martínez, anuncia o seu voto a prol da proposta, se ben solicita que se planifiquen as labores dos traballadores.

O mesmo que o Sr. Fidalgo Martínez o solicita o Sr. Garcia Soto, indicando que se deben adicar a actividades concretas.

O Sr. Fernández Gil, dí que o seu grupo vaise a abster, xa que considerará que o prantexado é unha cuestión do grupo de goberno, e solicita que se adiquen a limpeza no rural e así executese a moción aprobada neste Pleno respecto a extender a limpeza viaria os núcleos rurais.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

O Sr. Iglesias Sendin, dí que se fará unha memoria ou cronógrama das actuacións e que se adicaran con carácter xeral a labores de limpeza no ámbito rural.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); abstencións, cinco (P.P.).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobado o expediente de concesión de crédito extraordinario e suplemento de crédito nº 4/2016, por importe de 6.000 euros, de acordo co tenor que se acha no expediente.

8.-MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

De seguido o Sr. Alcalde procede a responder as preguntas formuladas en tempo e forma por escrito.

Polo concelleiro da Agrupación de Electores Ribeiro en Común, o Sr. Fidalgo Martínez fórmulanse os seguintes rogos:

1º ROGO.- Cemiterios: Con motivo da proximidade do 1º de novembro e da Festividade de Defuntos na que moitos veciños e veciñas aproveitan para acudir aos cemiterios.

Despois da nosa Solicitude de limpeza de todos os cemiterios de Ribadavia, e visto que dita solicitude foi executada en boa medida, dilixencia que queremos agradecer, volvemos reiterar a demanda da limpeza da fachada e parte superior da entrada ao cemiterio municipal de Ribadavia, así como a recollida de “contenedores” e outros materiais acumulados na entrada. Solicitamos tamén o arranxo dunha das lámpadas frontais da fachada, que se atopa cos cristais rotos.

2º ROGO.-Fonte da Prata: Esta fonte é moi empregada pola veciñanza de Ribadavia.

Queremos solicitar en Pleno a reparación ou substitución da lámpada da Fonte da Prata que desde fai demasiado tempo non existe, atopándose a estrutura da lámpada rota, sen cristais e sen bombilla.

3º ROGO.- Placa comemorativa das Irmáns Touza: A placa situada na casa das Irmáns Touza, ilustres veciñas e heroínas de Ribadavia atopase nun estado moi malo. Ademais, moitos visitantes de Ribadavia teñen dificultades para vela, e moita veciñanza de Ribadavia descoñece a súa existencia.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Queremos solicitar en Pleno a súa substitución por unha nova, máis salientable e situada na parte exterior do soportal da propia casa, co obxectivo de darlle maior visualización.

4º ROGO.- Parque dos Xardinillos: Parque moi utilizado pola veciñanza de Ribadavia, por pais e nais, avós e avoas, así como de moitas nenas e nenos.

Solicitamos no Pleno municipal:

1º. Se tomen medidas para evitar un uso indebido, como pode ser a entrada de persoas que levan aos seus cans.

2º. Limpeza e reparación da zona da area e parque infantil.

3º. Instalación de un Baño público na caseta situada neste mesmo parque. O baño público é unha demanda existente que sería de grande utilidade para todos os usuarios deste parque, desde nenos e nenas ata os seus pais, nais e avós.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que estan traballando nun proxecto amplo para a zona.

5º ROGO.- Contenedores subterráneos: Este tipo de contenedores están causando problemas en moitos concellos, tamén no noso. Igual que está sucedendo noutros concellos, en Ribadavia deberanse tomar medidas urxentes, xa que levamos demasiado tempo nesta situación.

1º. Solicitamos un estudo económico a abordar por parte do noso Concello, para decidir a súa Retirada ou a súa Reparación.

2º. Colocación de Contenedores substitutos, móbiles e temporais, que separan por materiais, xa que a veciñanza continua a necesitar usar contenedores: papel-cartón, plástico, vidro, orgánico.

Intervén o Sr. Alcalde para sinalar que están pendentes dunha reunión coa Deputación, se ben a súa idea e claúsuralos.

6º ROGO.- Solicita as Contas da Festa do Portal 2016 (celebradas a primeira semana de setembro).

7º ROGO.- Se fagan públicos todas as sesións plenarias gravadas en formato vídeo. Reiteramos a solicitude de que se mellore o audio das sesións, pois actualmente é moi deficitario.

8º ROGO.- CRA Francelos: o recente arranxo do parque da escola CRA de Francelos tivo un orzamento de 10.817,25 euros. A pesar desta cifra tan importante gastada non se arranxaron importantes deficiencias existentes no parque infantil nin no parque exterior da escola.

O noso grupo solicita de novo que se mellore por parte do Concello as obras realizadas, tomando as medidas que considere oportunas.

Solicitamos se arranxen as farolas sen luz, o valado de madeira vello e deteriorado, e así mesmo se proceda a pechar o parque. Se arranxen as partes que supoñen pequenos perigos para as nenas e nenos procedendo a quitar esquinas e



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

“bordillos” que sobresaen. Así mesmo se instale o antes posible o “balancín” que foi retirado.

Solicitamos se proceda ao desbroce do valado de pedra exterior do recinto.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que hai deficiencias que haberá que arranxar, se ben recalca que foi unha boa obra.

9º ROGO.- Solicita a limpeza urxente da Fonte e lavadoiro de Campo redondo (Santo André), situada á beira da estrada Valdepereira- Pazos Hermos.

10º. ROGO.- Solicitamos se facilite un local de maneira inmediata para a Asociación de Consumidores/as e Asoc. Mulleres Rurais, nas condicións que dita asociación reclama. Sen que isto sexa contraditorio cunha futura localización a longo prazo en outras dependencias.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que de momento non se vai a facilitar local algun para evitar agravios comparativos con outras asociacións.

11º ROGO.- Se convoque por parte de que quen estatutariamente está designado, é dicir desde a Alcaldía, ao Padroado Termas de Prexigueiro para tratar asuntos da súa competencia. Este Padroado só foi convocado unha única vez no que vai de lexislatura, no mes de decembro de 2015 nunha sesión que foi de toma de posesión dos novos membros.

1ª PREGUNTA.- Plan Cooperación 2016, debido ao retraso existente, queremos saber cal é o prazo estimado para o comezo de ditas obras, fundamentalmente a da Ponte Medieval de Francelos, e o Camiño “Pendurado” en San Paio?.

Resposta o Sr. Alcalde: Os retrasos veñen motivados polas autorizacións da Confederación Hidrográfica. A semana que ven está previsto que comencen as obras.

2ª PREGUNTA.- Prego de Prescricións Técnicas e Administrativas para a Contratación do subministro de Materiais eléctricos e outros para o Concello de Ribadavia, aprobado na Xunta de Goberno do 10 de outubro.

Que criterios se seguiron para a súa redacción, e baixo que criterios se fixaron os prezos que aparecen nos “Anexos”?

Que criterios se seguiron para convidar a 2 ferreterías e a 1 empresa importante do sector eléctrico?

Resposta o Sr. Alcalde: Os prezos foron determinados polos técnicos despois de comprobar os materiais que se compran habitualmente e supoñen unha rebaixa dun 20% respecto dos actuais; en canto a invitación fíxose os subministradores habituais e radicados no Concello.

3ª PREGUNTA.- Iniciouse por parte do goberno local algún trámite para levar a cabo as medidas solicitadas en Pleno, e aprobadas no anterior Pleno municipal para a



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

mellora de seguridade vial no municipio de Ribadavia. Isto é pasos de peóns, badéns, e beirarrúas, etc en estradas cuxo tránsito é intenso como San Cristovo, San Paio, Francelos, Franqueirán, etc.?

Resposta o Sr. Alcalde: Solicitouse informe a Policia Local, se ben recalca que algunhas vías non son de titularidade municipal.

4ª PREGUNTA.- Orzamentos 2017, en base á pregunta realizada polo noso grupo nas pasadas Comisións informativas, 20 de outubro, sobre os prazos previstos para o somentemento en Pleno dos Orzamentos 2017, a resposta do Sr. Presidente foi que “ Na vindeira semana (24 a 28 outubro) espera ter un borrador para de seguido manter unha ronda de contactos cos voceiros para que poidan facer aportacións; sinala que se vai todo ben a idea é levalos o Pleno do mes de novembro”.

En base a esta resposta, o noso grupo quere formular a seguinte pregunta:
Existe intención por parte do Sr. Alcalde de ligar ditos Orzamentos 2017 a unha Cuestión de Confianza, tal e como anunciou no Pleno ordinario de setembro, e reiterou na prensa escrita durante as pasadas semanas?

Resposta o Sr. Alcalde: A esta cuestión xa respostou o concelleiro de facenda. Reitera que se non se aproban someteraos a unha cuestión de confianza.

5º PREGUNTA.- Interesalle saber en que situación atopase a elaboración de la RPT.

Resposta o Sr. Alcalde: Hoxe mantivemos unha reunión coa consultora e nas vindeiras datas farase unha presentación os concelleiros, os representantes do persoal e o persoal en xeral.

Polo concelleiro de Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes, o Sr. Vázquez López formúlase o seguintes rogos:

1º ROGO.- Rogaríalle o Sr. Alcalde se proceda a retirar os paneis informativos e reparensen as fontes; así mesmo solicita que se coloquen os espellos nos cruces das rúas Otero Pedrayo, Ruben Garcia-Rosalía de Castro.

2º ROGO.- Que se coloque unha sinal de prohibido circular na rúa Trasmesonos.

Polo concelleiro do B.N.G., o Sr. Garcia Soto formúlase o seguintes rogos e preguntas:

ROGO.- Que se dirixa escrito a Educación para que limpe a maleza existente o caron dos edificios dos centros escolares.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

1ª PREGUNTA.- A raíz dunha noticia que apareceu estes días na prensa relativa o rodaxe dunha película sobre as Irmans Touza, interesalle saber se se puxo alguen en contacto co Concello e no caso que se grabe a película se fagan xestión para que o seu rodaxe se faga en Ribadavia.

Resposta o Sr. Alcalde: No tema da película non se puxo nadie en contacto; si que se puxo en contacto un director que ia facer unha serie sobre este tema, xestión que fixo o concelleiro Don Cesar Fernández Gil.

2ª PREGUNTA.- Respecto da Tarxeta Bus da Xunta interesalle saber porque non entra o Concello nese programa.

Resposta o Sr. Alcalde: Fará as xestións para que se incluan. Indica que no orzamento do 2017 está previsto unha axuda para o transporte de mozos/as que esten estudiando.

Polo concelleiro do P.P., o Sr. Fernández Gil formúlanse as seguintes preguntas:

ROGO.- Dada a colocación puntos de luz Led na Franqueiran, solicita que se extenda a núcleos semellantes do resto do municipio.

1ª PREGUNTA.- Días pasados houbo unha reunión co colectivos dos taxistas, interesalle saber cando se lle vai a trasladar unha proposta.

Resposta o Sr. Alcalde: Nos vindeiros días daraselle traslado a demanda solicitada.

2ª PREGUNTA.- Interesalle saber cando se vai a executar a moción aprobada para ubicar un paso de peóns no cruce das rúas Martínez Vázquez-Otero Pedrayo.

Resposta o Sr. Alcalde: Solicitaronse varios informes a Policía Local e falta por emitir ese.

3ª PREGUNTA.- Interesalle saber cando se vai a convocar unha comisión monográfica para o tema do tráfico.

Resposta o Sr. Alcalde: Non ten problema en convocala si ben tamén se pode tratar o tema nas comisións ordinarias.

4ª PREGUNTA.- Ten entendido que o pasado fin de semana caíu unha parte do teito do salón de actos da casa de Cultura, polo que interesa a que foi debido e se está arranxado o tema.

Resposta o Sr. Alcalde: Foi debido a humidade e está en vías de solución.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

5ª PREGUNTA.- Na estrada de Filgueira hai unha chapa cubrindo un socavón polo que interesa a que é debido.

Resposta o Sr. Alcalde: Trátase dunha avería importante na rede de abastecemento e está intentando solucionala a empresa.

6ª PREGUNTA.- En que situación se atopa o expediente de investigación de titularidade de dominio público na Franqueiran.

Resposta o Sr. Alcalde: Está pendente de informes técnicos se ben a cuestión non é fácil de determinar.

7ª PREGUNTA.- Interesalle saber por que non funcionan as pantallas LED adquiridas no seu momento cando se rehabilitarón os escaparates da rúa Progreso.

Responde o Sr. Alcalde: Non hai anunciante, indica que existen outras pantallas na praza de abastos que se lle ofreceron aos comerciantes para que durante o Nadal poidan facer publicidade.

Polo concelleiro do P.P., o Sr. Sotelo Barroso fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:

1º ROGO.- Que se proceda a limpeza do muro de peche do cemiterio xa que se atopa cheo de terra e herba seca.

2º ROGO.- Xa que se están podando os árbores dos xardinillos se teña en conta na poda a posibilidade de que poidan entrelazarse para que haxa sombra.

PREGUNTA.- Interesalle saber que problema houbo co transporte escolar con dous rapaces que residen na zona dos chalets.

Resposta o Sr. Alcalde: Non é competencia do Concello, sendo educación a que ten que resolver, de feito falou con director e coa inspección sobre este tema.

Concluído o anterior, ás once da noite, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*